



O NOSO DISCURSO É O NOSO TRABALLO

BALANCE DUNHA LEXISLATURA QUE FALA POR SI SOA

A Galicia excepcional

Cando un partido se presenta ás eleccións ten que facelo cun proxecto para catro anos. Cando ese partido o fai ocupando responsabilidades de goberno debe ofrecer ademais un balance, un resumo detallado do que fixo coa confianza que os cidadáns depositaron nel.

Hai catro anos asumín a honra e a responsabilidade de que Galicia seguirá dando o mellor de si para superar os efectos da crise económica. Fixémolo nun momento no que o país, aínda que empezaba a levantarse, aínda sangraba polas feridas que deixaron moitos anos nos que contemplar o futuro con optimismo só era unha opción para os que nunca dubidamos do potencial das galegas e dos galegos.

A Galicia de 2012, con 83.300 desempregados máis dos que temos hoxe, era a dunha época na que non medrar nada era unha boa nova tras anos nos que o PIB, lonxe de subir, baixaba. Era a Galicia da loita contra a estreitez orzamentaria, a de facer máis con menos. Era a Galicia que seguía a crer na recuperación, pero que aínda non a alcanzara.

Os galegos elixíronme para que fora o Partido Partido o que, tras superar o máis duro da crise, tamén preparara ao país para un crecemento ordenado, responsable, sensible e xusto; comezando polos que máis sofren os efectos das dificultades económicas e que tamén devolvera os esforzos aos que axudaron a afrontalas. Apoiamos aos que máis necesitaban da axuda do Goberno de Galicia. Foron a nosa prioridade cando complementamos as pensións non contributivas, aumentamos as rendas de integración social ou implementamos as medidas para tentar que en Galicia ninguén quede sen casa por razóns económicas.


Tamén o fixemos con aqueles que decidiron ser pais e nais nun momento no que non é doado pensar en traer aos galegos do mañá, e logramos converter a Galicia na comunidade autónoma con máis apoios para a infancia.

E, igualmente, acompañamos aos que viron como a crise poñía a proba os seus límites. Ás clases medias, aos empregados públicos, os heroes anónimos dun pesadelo do que estamos comezando a espertar. Puxémonos ao seu carón para aliviar as súas cargas o máximo posible e baixamos o IRPF, suprimimos o imposto de sucesións, os que gravan a compra-venda de propiedades do rural ou devolvemos a masa retributiva aos empregados públicos. Ademais, para nós foi prioritario o traballo na sanidade, na educación e na política social, servizos que hoxe se poden comparar con vantaxe cos do resto das CC.AA.

Esta e outras decisións conforman o balance que presento, a conta de resultados da xestión dos meus compañeiros e a miña. Un traballo que tentamos facer con tanta humildade como responsabilidade e compromiso. Inspirándonos no sentidiño da maioría dos cidadáns. Conscientes de que queda moito por facer. Porque aínda non fixemos todo o que Galicia merece porque a nosa terra é unha obra en construción que non debemos dar por rematada nunca.

Teño a certeza de que o mellor para Galicia está por chegar, e coa mesma ilusión que en 2009 e con máis experiencia que en 2012, espero que este resumo da nosa labor sexa merecedora da túa confianza para poder seguir traballando por e para Galicia.

Galicia, Galicia, Galicia.



Alberto Núñez Feijóo

OO ÍNDICE

UNHA LEXISLATURA EN 25 AVANCES

- 1 “GALICIA crece e crea emprego de xeito continuado desde hai dous anos e a previsión é que o siga facendo con máis intensidade este 2016”
- 2 “GALICIA é unha excepción de responsabilidade e estabilidade porque é a comunidade que máis inviste e a que mellor cumpre coas súas obrigas”
- 3 “En GALICIA elimínanse e báixanse impostos. Desde este ano non se paga sucesións e está en vigor a maior rebaixa fiscal da historia da Autonomía”
- 4 “O maior compromiso cos servizos públicos da historia de GALICIA, con 8 de cada 10 euros do presuposto anual destinados a ese fin”
- 5 “GALICIA ten unha axenda social única para as persoas con maiores dificultades, que contan con máis instrumentos de inclusión que nunca”
- 6 “En GALICIA a Sanidade pública conta con máis prestacións e dereitos, máis e mellores hospitais e centros de saúde, e mellor tecnoloxía”
- 7 “GALICIA ten hoxe unha Educación pública máis completa e modernizada e con mellores resultados e co maior número de profesores por alumno”
- 8 “A Universidade en GALICIA é a máis accesible de España e está mellor financiada e organizada”
- 9 “GALICIA é a comunidade que máis apoia á infancia”
- 10 “En GALICIA contamos con máis servizos para devolver os esforzos dos nosos maiores e favorecer a integración social das persoas con discapacidade”
- 11 “GALICIA conta hoxe con máis instrumentos para promover a igualdade en todos os ámbitos, especialmente na loita contra a violencia de xénero”
- 12 “En GALICIA ábrense novas oportunidades de formación e emprego para a xente nova”

OO ÍNDICE

UNHA

LEXISLATURA

EN 25 AVANCES

- 13 “GALICIA é líder en rehabilitación de vivendas e ten hoxe menos impostos sobre a vivenda e máis inmobles protexidos”
- 14 “Por primeira vez na historia, GALICIA ten os máximos instrumentos e investimentos para un urbanismo racional e respectuoso co medio ambiente”
- 15 “Os emprendedores galegos teñen á súa disposición máis axudas da Xunta que en toda a historia da Autonomía”
- 16 “GALICIA crece como marca de innovación, tanto nos seus sectores estratéxicos como abríndose a sectores emerxentes”
- 17 “GALICIA dá pasos para que o rural sexa sinónimo de futuro, con menos impostos e máis axudas para que consolide o seu crecemento”
- 18 “Está blindado o liderado de GALICIA no sector do mar, con máis cotas e maior valor dos produtos pesqueiros e mellores condicións para os traballadores”
- 19 “GALICIA atrae a máis visitantes que nunca cunha oferta innovadora e de calidade”
- 20 “GALICIA está hoxe mellor conectada pola tecnoloxía, por estrada, por tren e por avión”
- 21 “GALICIA coida e promove o seu patrimonio lingüístico, cultural e natural”
- 22 “GALICIA ten hoxe unha Administración máis moderna, accesible e eficiente”
- 23 “En GALICIA hai un programa de impulso democrático que permite ir por diante en transparencia e exemplaridade política e participación cidadá”
- 24 “GALICIA é un referente de cooperación para que Galicia creza de forma coordinada”
- 25 “GALICIA defende os seus intereses xerais desde a lealdade institucional”

BALANCE



GALICIA

01

“GALICIA crece e crea emprego de xeito continuado desde hai dous anos e a previsión é que o siga facendo con máis intensidade este 2016”

01 GALICIA CRECE E CREA EMPREGO

A ECONOMÍA CRECE

- **Agora Galicia crece** (un 3,2% en 2015) cando antes decrecía (un - 2,7% en 2012).
- A economía leva **en alza 10 trimestres consecutivos e prevese consolidar esa liña ascendente en 2016.**
- É un crecemento sobre bases sólidas, xa que **gañan peso as exportacións e crece a innovación.**
- A **práctica totalidade dos indicadores económicos avanza con signo positivo mes a mes** (IPI, exportacións, comercio, vendas de automóbiles...).

CRÉASE EMPREGO

- **83.300 persoas menos en paro** desde o comezo da lexislatura.
- O descenso do paro é unha **tendencia consolidada nos últimos 33 meses consecutivos.**
- Por primeira vez desde 2009, a cifra de desempregados sitúase **por debaixo das 200.000 persoas.**
- Baixa en todos os sectores, provincias, tramos de idade e tanto en homes como en mulleres.
- Mantense **por debaixo da media nacional** e moi lonxe de CCAA como Andalucía, Canarias ou Estremadura.
- Nos últimos catro anos, rexistráronse **46.600 afiliacións máis**, a cifra máis alta desde 2011.
- Galicia está **entre as CCAA nas que máis aumentaron os salarios**, 1.043€ por riba da media en 2008.
- **Aumenta o emprego indefinido** e a tempo completo.

BALANCE



02

“GALICIA é unha excepción de responsabilidade e estabilidade porque é a comunidade que máis inviste e a que mellor cumpre coas súas obrigas”

02 GALICIA FOI UNHA EXCEPCIÓN DE RIGOR E ESTABILIDADE NO CONXUNTO DE ESPAÑA

- Unha excepción porque planificamos: **unha das poucas comunidades que ten aprobado o Plan Estratéxico da Economía 2015-2020**, avalado ademais por economistas de prestixio e polas autoridades da UE.
- Unha excepción porque investimos: **Galicia é a comunidade con maior investimento por habitante** sen que isto implique incumprir os criterios de déficit público.
- Unha excepción porque fomos responsables: somos a **única comunidade de réxime común que se axustou sempre aos criterios de déficit público**.
- Unha excepción porque fomos prudentes: somos **a comunidade que menos subiu a débeda**, que comezará a reducirse neste 2016.
- Unha excepción porque cumprimos coas nosas obrigas sempre: **o tempo medio de pago a provedores é de 18,5 días, case un mes máis rápido que a media das comunidades** e todos os anos aprobamos os presupostos da Xunta en tempo e forma.
- E unha excepción porque grazas a iso estamos recollendo os froitos da xestión rigorosa: **podemos baixar e eliminar impostos e somos unha das dúas únicas comunidade de réxime común que dispoñemos este 2016 de fondos adicionais por ter cumprido o déficit** que destinamos aos mozos, aos servizos públicos, ao emprego e ao sector primario.

BALANCE



03

**“En GALICIA
elimínanse e báixanse
impostos. Desde este
ano non se paga
sucesións e está en
vigor a maior rebaixa
fiscal da historia da
Autonomía”**

03 EN GALICIA ELIMÍANSE E BÁIXANSE IMPOSTOS

- Aprobamos **a maior baixada fiscal da historia de Galicia**, materializada nos orzamentos de 2016 cun impacto de 140 M€ que volven cada ano aos fogares galegos.
- **O 99 % dos galegos xa non pagan por recibir unha herdanza dun familiar directo**, grazas á modificación do Imposto de Sucesións que está en vigor dende o pasado 1 de xaneiro de 2016.
- **A Xunta baixou dúas veces o IRPF** nesta lexislatura, polo que o 98,5% dos contribuíntes galegos paga menos por este imposto.
- Está **en vigor o Programa de impostos cero no rural**, que permite pagar cero euros pola compra, permuta ou agrupación de parcelas rústicas, única Comunidade Autónoma do Estado.
- Hoxe é máis sinxelo pagar impostos porque **se conceden máis aprazamentos e fraccionamentos**.
- O comezo da recuperación fixo posible esta eliminación e descenso de impostos, que **se suman ás baixadas selectivas de impostos levadas a cabo na pasada lexislatura** de crise en ámbitos prioritarios como a adquisición de vivenda para mozos e familias numerosas, os investimentos en empresas galegas ou a constitución de novos proxectos empresariais.

BALANCE



04

“O maior compromiso cos servizos públicos da historia de GALICIA, con 8 de cada 10 euros destinados a ese fin”

04 O MAIOR COMPROMISO COS SERVIZOS PÚBLICOS DA HISTORIA DE GALICIA

MÁIS INVESTIMENTO

- A Xunta priorizou todos os anos os servizos públicos ao máximo das súas posibilidades destinando **a este fin 3 de cada 4 euros públicos. Máis que nunca.**
- **A situación financeira dos servizos públicos en Galicia está saneada**, o que permite asegurar a súa viabilidade e permanencia para as xeracións futuras.

MÁIS PROFESIONAIS

- Nesta lexislatura, Galicia logrou que o Goberno central atendera a nosa petición de **incrementar do 10% ata o 50% a taxa de reposición de persoal para os servizos públicos.**
- **O 82% das ofertas públicas de emprego** convocadas pola Xunta desde 2009 **foron para mellorar a dotación de profesionais da Sanidade pública e da Educación pública.**

MÁIS PRAZAS NOS SERVIZOS PÚBLICOS QUE NUNCA

- Fixemos o maior esforzo de modernización dos servizos públicos de Galicia, de tal xeito que **o 100 % das comarcas teñen ao seu carón un centro educativo público, ou centro sanitario público ou unha infraestrutura social pública nova ou mellorada pola Xunta.**

MELLOR XESTIÓN

- Continuidade do esforzo de racionalización que permita **evitar duplicidades e combater ineficacias.**
- Seguimos tentando que os procesos non absorban os recursos porque **o obxectivo debe ser mellorar os procesos para que os recursos dean máis de si.**

BALANCE



05

“GALICIA ten unha axenda social única para as persoas con maiores dificultades, que contan con máis instrumentos de inclusión que nunca”

05 GALICIA TEN UNHA AXENDA SOCIAL ÚNICA PARA AS PERSOAS CON MÁIS DIFICULTADES

- Na actualidade, unha familia con dificultades ten **máis ferramentas de axuda da Xunta que en 2009** co obxectivo de que a recuperación sexa completa e non deixe atrás a unha parte da cidadanía. Para iso, o **presuposto destinado a inclusión social subiu un 47% desde 2009**.
- Loitar contra a pobreza é unha responsabilidade de todos: Galicia é **a única Comunidade Autónoma que pactou unha folla de ruta cos concellos e coa Rede Galega contra a Pobreza para atender de xeito coordinado as persoas con máis dificultades de inserción social**, dirixida tanto a desempregadas como traballadoras pero cun salario precario.
- En Galicia están **operativos os mecanismos para que ninguén quede sen casa por razóns económicas**.
- Están en marcha un **programa para evitar cortes de luz** ás familias con maiores dificultades, que inclúe axudas de ata 200 euros.
- Desde 2009, **duplicouse o orzamento para os perceptores da RISGA, e eliminouse a lista de espera**.
- As persoas en situación de exclusión social teñen **prioridade no 100% das axudas da Xunta**, e ademais reforzáronse os **programas de emprego específicos** para eles.
- Dáse **prioridade ás familias coas rendas máis baixas e con menores a cargo**, que por exemplo dispoñen de 50 euros de axuda para o material escolar dos seus fillos.
- **Galicia está entre as catro únicas CC.AA. que lograron reducir a taxa de pobreza entre 2008 e 2015 e mantén este indicador por debaixo da media estatal**.
- Galicia mantense como **unha das tres únicas CC.AA. que garanten un complemento para todos aqueles que perciben unha pensión non contributiva, e ten a contía máis alta**.

BALANCE



06

“En GALICIA a Sanidade pública conta con máis prestacións e dereitos, máis e mellores hospitais e centros de saúde, e mellor tecnoloxía”

06 SANIDADE PÚBLICA MÁIS COMPLETA E CON MÁIS FUTURO

- **Aumentamos o peso da Sanidade Pública** nos orzamentos da Xunta ano a ano, tanto na crise como no inicio da recuperación, pasando do 34% ao 40%, para contar cos recursos precisos para garantir a súa viabilidade e mellora no presente e para o futuro.
- Os resultados son mellores que hai sete anos para os galegos, como acredita o feito de que **os cidadáns valoran hoxe a Sanidade Pública máis que hai sete anos e máis que no conxunto de España.**
- Hai **menos esperas** que no ano 2009 tanto en operacións como en consultas, e abríronse as vías rápidas para pacientes con cancro.
- Contamos con **máis e mellores infraestruturas**, xa que 7 de cada 10 galegos teñen este 2016 un hospital público ou un centro de saúde novo ou renovado (31 centros de saúde xa rematados, 2 nas últimas fases de construción e 9 reformados).
- Hoxe hai **máis dereitos na Sanidade Pública**, xa que se garanten por lei prazos máximos de atención, libre elección de médico de familia, pediatra ou persoal de enfermería, así como a opción da segunda opinión.
- Nos últimos anos incluíronse **novos tratamentos** na Sanidade Pública como o da hepatitis C, así como **novos servizos de atención** como a consulta telefónica ou o seguimento tras un ingreso.
- Está **en marcha o maior investimento do Sergas en tecnoloxía**, de 88 M€, e a **historia clínica e a receita electrónicas** benefician a todos os galegos.

BALANCE



07

**“GALICIA cunha
Educación pública máis
completa e con
mellores resultados”**

07 UNHA EDUCACIÓN PÚBLICA MÁIS COMPLETA E CON MELLORES RESULTADOS

- Nas aulas do ensino público de Galicia, ademais de empregarse o galego e o castelán en equilibrio, **estanse a incrementar as horas lectivas en inglés, xa a disposición dos estudantes en 8 de cada 10 colexios ou institutos** públicos.
- Galicia ten hoxe **máis dun 50% máis de alumnos matriculados en FP que en 2009 e iniciou a opción da FP** dual que combina formación e emprego.
- Galicia avanza firme cara a Educación pública dixital, xa que hai **máis ordenadores que nunca a disposición dos alumnos e comézase a empregar o libro de acceso online.**
- **A Comunidade Autónoma que ten máis profesores por alumno é Galicia.**
- Leváronse a cabo máis de **800 actuacións en infraestruturas educativas desde 2012**, o que supón que en **máis do 50% dos centros educativos** se desenvolveron obras que supuxeron novos centros, ampliacións ou melloras significativas.
- **Nunca antes houbo tantas prazas públicas de comedor escolar**, que son hoxe un 34,5% máis que en 2009.
- Preto de 640.000 alumnos tiveron **axudas para libros de texto** na lexislatura, e máis de 81.000 beneficiáronse das **novas axudas para material escolar** de 50 euros por alumno.
- **A maior rede de transporte escolar de España é a de Galicia.**
- En Galicia **reduciuse a taxa de abandono escolar en máis de dez puntos** desde 2009.

BALANCE



08

“A Universidade en GALICIA é a máis accesible e está mellor financiada e organizada”

08 A

UNIVERSIDADE MÁIS ACCESIBLE E MELLOR ORGANIZADA E FINANCIADA

MÁIS ACCESIBLE

- As familias galegas aforran de media 400 euros cada ano nos estudos dos seus fillos porque **as taxas universitarias en Galicia son as máis baixas de toda España e levan conxeladas cinco cursos.**
- En Galicia **existen bolsas para que ninguén deixe a Universidade por motivos económicos.**
- Galicia complementa as bolsas do Estado por riba dos criterios nacionais e tamén se **incrementaron nun 40% as bolsas para Erasmus.**

MELLOR ORGANIZADA

- Nos últimos anos **avanzouse máis que nunca na cooperación** das tres universidades, con logros tan importantes como o da docencia clínica de Medicina, ou a colaboración para a consecución dos campus de excelencia. (Campus Vida e Campus do Mar)
- **Consolidamos o proceso de especialización dos campus universitarios,** cun proxecto en marcha no 100% deles.

MELLOR FINANCIADA

- **Un 18% máis de recursos para o período 2014-2020,** no que se consolidará un modelo de financiamento orientado a resultados.

MÁIS INVESTIGACIÓN

- **Arredor de 2.500 científicos están investigando neste ano 2016 con algunha axuda da Xunta de Galicia.**

BALANCE



09

**“GALICIA é a
Comunidade
Autónoma que
máis apoia a
infancia”**

09 GALICIA, A COMUNIDADE AUTÓNOMA QUE MÁIS APOIA Á INFANCIA

• MAIOR PROTECCIÓN DA SAÚDE DAS NENAS E NENOS

Galicia ten o **calendario de vacinación e prevención infantil máis completo de España.**

• MÁIS INCENTIVOS ECONÓMICOS QUE NOUTROS LUGARES

- Desde o 1 de xaneiro de 2016, as familias galegas que teñen un fillo reciben unha **Tarxeta Benvida de 100€ ao mes para os gastos de manutención do bebé.**
- **Ampliáronse as deducións fiscais para as familias que teñen fillos,** ata 2.400€ no caso do terceiro.

• MAIORES AVANCES NA CONCILIACIÓN

- **Por primeira vez na nosa historia Galicia supera as recomendacións da Unión Europea en número de prazas públicas de gardería** por nenos menores de 3 anos, que son hoxe un **75% máis** que en 2009, co obxectivo de chegar a lista de espera cero.
- **Todas as familias galegas que o soliciten terán o próximo curso unha axuda para a conciliación** porque se non acceden a unha praza pública, terán axuda para a privada e novas modalidades como as casas niño no rural ou un bono para o coidado na casa.

• NOVAS AXUDAS Á MOBILIDADE

- **Ata os 18 anos, é gratis o transporte metropolitano interurbano.**

BALANCE



10

“En GALICIA contamos con máis servizos para devolver os esforzos dos nosos maiores e favorecer a inclusión social das persoas con discapacidade”

10 MÁIS SERVIZOS PARA OS NOSOS MAIORES E PERSOAS CON DEPENDENCIA

- Tamén a nivel autonómico as **políticas de maiores e persoas con discapacidade** quedaron á marxe das restricións orzamentarias e priorizáronse nos últimos presupostos de recuperación, xa que as partidas a este fin **aumentaron un 31,5% nesta lexislatura**.
- Galicia mantense como **unha das tres únicas CC.AA. que garanten un complemento para os máis de 42.000 galegos que perciben unha pensión non contributiva**. Ademais, esta achega extra, de 206 euros, ten, con Extremadura, **a contía máis alta do Estado**.
- **Hoxe hai o triplo de dependentes atendidos en Galicia respecto a 2009**, que pasan de 14.000 a 50.000, especialmente na opción preferida polos solicitantes, que en maior medida desexan envellecer nas súas casas. Así, case 13.000 persoas reciben o Servizo de Axuda no Fogar, case 4 veces máis que en 2009.
- Porén, para aqueles que prefiren a posibilidade dunha centro asistencial, as dúas últimas lexislaturas tamén significaron un avance moi importante. A día de hoxe, **hai un 32% máis de prazas públicas que hai sete anos en residencias, centros de día e centros especializados**, a disposición de 14.000 persoas.
- Tamén está en marcha unha **Estratexia de Envellecemento Activo**, co obxectivo de lograr retrasar a dependencia dos nosos maiores ao máximo posible, e con medidas concretas para dar resposta ao notable **incremento da esperanza de vida** dos galegos, que alcanza xa os **86 anos** fronte aos 82 da media de España.

BALANCE



11

“GALICIA conta hoxe con máis instrumentos para promover a igualdade en todos os ámbitos, especialmente na loita contra a violencia de xénero”

11 EN GALICIA, CADA VEZ MÁIS COMPROMISO COA IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA

- Conscientes de que a violencia de xénero é o maior obstáculo para poder falar de igualdade, nese ámbito concéntranse os nosos maiores esforzos. **Fomentamos a coordinación contra a violencia machista, incrementamos as axudas para as vítimas, garantimos atención xurídica 24 horas e traballamos na prevención, especialmente entre as xeracións máis novas.** Ademais, a **Xunta persónase en todos os procesos penais** en caso de violencia de xénero con resultado de morte.
- O emprego feminino mellora e redúcese o paro.
 - Hai 11.800 mulleres afiliadas máis á seguridade social que ao inicio da lexislatura (final 2012)
 - A taxa de paro feminina pasou do 20,9% a principios de lexislatura ao 18,3% actual
- **Apoio á conciliación da vida familiar e laboral a través do aumento de prazas en escolas infantís, aumento das deducións e axudas, reducións de xornada e flexibilidade laboral.**
- A sociedade galega é consciente de que aínda é preciso seguir traballando para reducir a fenda salarial entre homes e mulleres. **En Galicia se sitúa no 23,37%, sendo Galicia a 4ª Comunidade Autónoma con menor diferenza salarial entre homes e mulleres.**
- **Galicia aprobou a primeira Lei autonómica contra a discriminación do colectivo LGTB** que, entre outras medidas contempla que o Valedor do Pobo dispoña de facultades para instar á Xunta a actuar en caso de detectar casos de discriminación.

BALANCE



12

**“En GALICIA ábrense
novas oportunidades
de formación e
emprego para a xente
nova”**

12 MÁIS OPORTUNIDADES PARA A XENTE NOVA

MÁIS OPORTUNIDADES DE FORMACIÓN

- As xeracións que rematen os seus estudos estarán **mellor preparadas para o mercado laboral porque estanse formando en idiomas e tecnoloxías.**
- Galicia ten hoxe un **50% máis de alumnos matriculados en FP e iniciou a opción da FP dual** que combina formación e emprego.
- **As taxas universitarias máis baixas de España** son as de Galicia existen bolsas para que ninguén deixe a Universidade por motivos económicos.

MÁIS OPORTUNIDADES DE EMPREGO

- Para lograr que máis galegos se incorporen ao mercado laboral, impulsamos e ampliamos a FP dual, continuamos co programa de **incentivos á contratación de mozos con axudas entre 7.000 e 8.200 euros ou seguimos subvencionando durante un ano a afiliación á Seguridade Social dos menores de 30 anos que se establezan como autónomos**
- Esta lexislatura puxemos en marcha un plan específico para reducir o desemprego xuvenil e, unha vez logrado isto, xa temos deseñadas **oito novas actuacións dentro da Axenda 20 para o Emprego cos mozos como colectivo único ou prioritario.**
- **Para emprender un negocio**, os mozos teñen ao seu alcance un paquete de **cinco incentivos fiscais e menores trabas burocráticas.**
- Esta lexislatura aprobouse a maior inxección de recursos para investigación, e case 2.500 científicos están investigando este ano nas universidades galegas con recursos da Xunta, moitos deles mozos.

MELLORES DATOS DE EMPREGO XUVENIL

- **A taxa de paro dos menores de 25 anos baixou máis de 6 puntos** desde comezos da lexislatura (1ª metade de 2013).

BALANCE



13

“Galicia é líder en rehabilitación de vivendas e ten hoxe menos impostos sobre a vivenda e máis inmoables protexidos”

13 POLÍTICA DE VIVENDA: MÁIS REHABILITACIÓN, MENOS IMPOSTOS, MÁIS INMOBLES PROTEXIDOS

- A principal política de vivenda en Galicia foi poñer **en marcha os instrumentos necesarios para que ningunha familia quede sen un fogar por razóns económicas.**
- **Galicia ten consolidado o seu papel como principal referente de rehabilitación no conxunto do Estado:** desde 2009 preto de 165.000 familias tiveron axudas para mellorar as súas vivendas total ou parcialmente.
- As familias galegas con rendas máis baixas teñen a opción de solicitar **axudas para aluguer de ata 2.400€ anuais e 3.000€ para aqueles que teñen maiores dificultades.**
- Tamén se está a dar un pulo moi notable á vivenda protexida, con **máis de 5.400 vivendas entregadas ou en construción nas grandes cidades.**
- Galicia conta hoxe cun sistema de prezos medios que **revisa e actualiza permanentemente os valores da vivenda para que os impostos que se paguen por ela sexan xustos e adecuados á realidade de cada momento.** Hoxe os galegos pagan un **50% menos en impostos da vivenda que ao inicio da lexislatura.**
- Déronse os pasos para que a comunidade conte con **instrumentos que permitan reducir paulatinamente o parque de vivendas baleiras,** como **o censo de vivendas baleiras ou os convenios con entidades financeiras para por a disposición algunha das súas propiedades inmobiliarias para aluguer social.**
- Aprobadas ou en tramitación as **normativas para que as vivendas do futuro sexan máis eficientes e estean dotadas para facer posible o fogar dixital.**

BALANCE



14

“Galicia ten por fin os máximos instrumentos e investimentos para un urbanismo racional e respectuoso co medio ambiente”

14 MÁXIMOS INSTRUMENTOS E INVESTIMENTOS PARA UN URBANISMO RACIONAL E RESPECTUOSO

- **Por primeira vez na súa historia Galicia ten unhas Directrices de Ordenación do Territorio, un Plan do Litoral, unha Lei do Solo e un Catálogo da Paisaxe para poder desenvolver un urbanismo racional.**
- A normativa permite dar resposta a tres grandes retos: **avanzar na planificación municipal** para que non haxa ningún concello en Galicia sen normas urbanísticas, **acentuar a protección do rural** pero garantindo ao mesmo tempo as súas posibilidades de desenvolvemento, e **recuperar e garantir a protección futura da paisaxe** galega.
- **As modificacións urbanísticas foron concibidas desde o consenso** e, froito dese proceso de participación, hoxe Galicia conta cunha normativa co respaldo suficiente para consolidar un urbanismo racional nas próximas décadas.
- Antes de outono, estará rematada a **primeira guía de cores de materiais da nosa comunidade**, que será unha guía de man contra o feísmo e permitirá acadar unha paisaxe máis equilibrada e harmoniosa nas actuacións urbanísticas futuras.
- A Xunta contribúe a **mellorar os espazos públicos dos concellos a través do Plan Hurbe**. Levamos investidos 120 M€ en 126 actuacións.
- Galicia segue a ser un referente das enerxías renovables en España: a nosa comunidade é **a 2ª produtora de electricidade mediante renovables e delas provén case o 80% da enerxía que se consume en Galicia**.
- Nos últimos anos **en Galicia fixéronse de media sete obras de saneamento e abastecemento cada mes**, destinado **máis de 1.100 millóns de euros**, **o maior investimento da historia** da nosa Autonomía en materia de augas.
- Séguense a dar pasos para mellorar a xestión de residuos e, **nesta lexislatura acabouse cos vertedoiros incontrolados en Galicia e reducíronse nun 55% os residuos sen posibilidade de reciclaxe**.

BALANCE  GALICIA

15

“Os emprendedores galegos teñen á súa disposición máis axudas da Xunta que en toda a historia da Autonomía”

15 MÁIS APOIO QUE NUNCA AOS EMPREENDEDORES

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN

- **Case 100.000 galegos foron beneficiados por incentivos á contratación nos sete últimos anos, e hai máis axudas para mozos e para autónomos.**
- Galicia foi a **primeira Comunidade Autónoma en articular o procedemento de acreditación da experiencia profesional**, que xa ten permitido a case 8.300 galegos contar con este aval.

FACILIDADES PARA EMPRENDER

- **Nos últimos anos, os emprendedores galegos recibiron máis apoios que nunca, con particular atención ás Pemes:**
 - Só no último ano, apoiamos máis de 1.300 proxectos, é dicir, case catro cada día.
 - Dos 3.400 avais que concedemos desde 2009 a empresas galegas, o 99% foi para Pemes, cun importe medio de 55.000€.
- Hoxe é máis fácil emprender en Galicia, porque están **en vigor cinco rebaixas fiscais, non é preciso licenza municipal previa e hai unha Rede Galega de Aceleradoras que impulsa as novas ideas de negocio.**

APOIO Á INTERNACIONALIZACIÓN

- **En sete anos, a Xunta concedeu 14 veces máis axudas que en toda a historia da Autonomía**, logrando que Galicia batera **récords históricos de exportacións**. No período 1993-2008 aprobáronse 237 axudas e entre 2009-2016, 3.238

SOLO INDUSTRIAL MÁIS BARATO

- **Desde 2009 adxudicáronse 1,9 millóns de metros cadrados de solo industrial para emprendedores, que poden mercalo con bonificacións de ata o 50 % ou alugalo gratis o primeiro ano e desde 38 céntimos de euro os 2 anos seguintes**, medidas coas que teñen aforrado 19,6 M€.

MÁIS APOIO AO PEQUENO COMERCIO

- **Constituídas 167 Mesas Locais de Comercio, para facilitar a participación do sector comercial a nivel local.**
- 8 de cada 10 prazas de abasto galegas recibiron apoio directo da Xunta desde 2009.

BALANCE  GALICIA

16

**“Galicia crece como
marca de innovación,
tanto nos seus sectores
estratéxicos como
abríndose a sectores
emerxentes”**

16 GALICIA CRECE COMO MARCA DE INNOVACIÓN

- **O aumento da capacidade innovadora foi clave nas principais novas económicas pechadas nos últimos meses** en Galicia, tanto en sectores estratéxicos como a adxudicación dos novos modelos automobilísticos á fábrica de PSA Peugeot Citroën ou os novos encargos aos estaleiros, como en sectores novos como o impulso ao Parque Aeronáutico de Rozas.
- A maior competitividade na automoción galega respecto aos seus rivais permitiu que **se adxudicaran á planta de PSA Peugeot Citroën en Vigo dous novos modelos, que garanten unha década de plena actividade na fábrica e 3.000 M€ de investimento para a industria auxiliar.**
- A progresión innovadora tamén está detrás do notable incremento dos pedidos no naval, tras o punto de inflexión que supuxo o encargo de dous floteis por parte da petroleira mexicana PEMEX. **Hoxe Galicia ten 20 buques en carteira nos seus estaleiros públicos (Navantia) e privados, o dobre que no ano 2014.**
- A modernización tamén está presente no desenvolvemento do sector eólico, cunha clara aposta pola **repotenciación de parques.**
- Galicia tamén aspira a estar no podio da innovación abríndose a sectores produtivos emerxentes, como o aeronáutico. Neste eido, comezouse a desenvolver unha polo aeronáutico na localidade lucense de Rozas, que **aspira a converterse en referencia mundial do sector dos avións non tripulados.**
- **13 empresas líderes e mailo Cluster TIC se teñen adherido ao Pacto Dixital de Galicia,** que pretende converter á nosa comunidade nun **referente tecnolóxico** para atraer investimentos, desenvolver proxectos con potencial tractor y favorecer a internacionalización das nosas pemes.
- **Máis de 30 multinacionais apostaron por Galicia como lugar para a súa innovación de futuro.**
- **Maior esforzo que nunca para que as Pemes innoven:** máis de 210 M€ de apoio para mobilizar máis de 400 M€ de investimento a través das distintas convocatorias dos programas Innterconecta e Conecta-Pemes.

BALANCE



17

“GALICIA dá pasos para que o rural sexa sinónimo de futuro, con menos impostos e máis axudas para que consolide o seu crecemento”

17 GALICIA DÁ PASOS PARA QUE O RURAL SEXA SINÓNIMO DE FUTURO

MÁIS ATRACTIVO

- Está **en vigor o Programa de impostos cero no rural**, que permite pagar cero euros pola compra, permuta ou agrupación de parcelas rústicas.
- **A nova Lei do Solo acentúa a protección do rural** pero garantindo ao mesmo tempo as súas posibilidades de desenvolvemento, basicamente nos eidos agrogandeiro e turístico.
- Galicia vai reforzar este ano os recursos para levar a cabo a **concentración parcelaria das propiedades de case 30.000 familias**, unha das prioridades da nova Lei de Mellora da Estrutura Agraria.
- Galicia ten en vigor **a primeira Lei de Montes da historia de Galicia**, co obxectivo de facer máis rendible a riqueza forestal e mellorar a concienciación cidadá.

MÁIS AXUDAS

- **Só o ano pasado, cada explotación láctea recibiu de media 15.000 € por explotación. Galicia mantén o nivel de fondos da PAC e está á cabeza de España na execución dos pagos.**
- **78,8 M€ destinados a axudas transformación dos produtos agroalimentarios, e estamos tramitando novas indicacións protexidas como a da “carne de vaca e o boi de Galicia”, “capón de Vilalba”, ou “Pan galego”**
- **E o PDR 2014-2020 contempla un orzamento de 1.186 M€ para fomentar a competitividade e mellorar a calidade de vida no rural.**

MÁIS CRECEMENTO

- **Máis mozos queren incorporarse a unha actividade agraria:** este ano houbo o triplo de solicitudes que o ano pasado.
- A produción do **sector leiteiro creceu un 14,9%** entre 2010 e 2015
- A produción de **carne da IXP Tenreira Galega subiu un 21,5%** desde 2009
- O **valor da produción ecolóxica duplicouse desde 2009**
- As **exportacións dos nosos viños creceron en máis de seis puntos** nos últimos catro anos.
- A **facturación conxunta da industria madeireira medrou nun 4,5% en 2014** e acadou a mellor cifra desde 2008. O 50% da produción forestal en España procede dos montes de Galicia, que é a novena potencia europea.

BALANCE



18

“Está blindado o liderado de GALICIA no sector do mar, con máis cotas e maior valor dos produtos pesqueiros e mellores condicións para os traballadores ”

18 O LIDERADO DO SECTOR DO MAR ESTÁ BLINDADO

MELLORES CONDICIÓNNS PARA O SECTOR

- A defensa do sector na UE permitiu **augmentar ata o 51 % a porcentaxe recibida do Fondo Europeo de Pesca** ata 2020, así como **incrementar as cotas un 13 % en termos absolutos e un 55 % en valor.**
- Garantiuse o réxime xurídico das confrarías e traballouse co sector para **establecer cotas máximas cando hai escaseza e regular o descanso dos traballadores.**
- **Incorporación de 900 embarcacións** grazas ao pulo dado ao proceso de regularización e adaptación da flota.
- Está **actualizadas as concesións de bateas** ao poñer os contadores a cero e ampliar os dereitos ata os 30 anos.
- Galicia é **a primeira rexión de Europa en contar cunha Estratexia de Acuicultura** ata 2030.
- O sector está máis protexido porque **se reduciu a 10 minutos o tempo de rescate e se reforzou a loita contra o furtivismo cun 66% máis de incautacións e tipificando este feito como delito.**

O SECTOR DO MAR TAMÉN CRECE

- **O valor económico das vendas de peixe e marisco no 2015 é a terceira máis alta desde 2006.**
- **Crece o marisqueo** xa que en 2015 concedéronse **o dobre de Permex**, aumentaron o 47% as descargas e un 24% a facturación.
- **Crece a acuicultura con novos proxectos** como o de abalón en Muros e de máis rodaballo e linguado en Cervo.
- **Crece a industria transformadora:** as vendas ao exterior efectuadas en 2015 **aumentaron un 9% respecto do ano 2014.**
- **Crece a conserva galega**, que supón o 85% da produción española e fai que España sexa a 1ª zona produtora da UE e a **2ª do mundo.**
- Galicia posúe **máis da metade do emprego marítimo pesqueiro de toda España** e que o 70% do peixe fresco se desembarca en portos galegos.

BALANCE



19

“GALICIA atrae a máis visitantes que nunca cunha oferta innovadora e de calidade”

19 GALICIA, MÁIS VISITANTES QUE NUNCA A UNHA MELLOR OFERTA

- Galicia acadou **máximos históricos de viaxeiros** con máis de 4,5 millóns no 2015 e de turistas internacionais representando máis do 27% dos turistas totais, **e todo apunta a que se baterá ese record tamén neste 2016.**
- O turismo consolidouse como un dos sectores máis estratéxicos de Galicia ao supoñer máis do **11% do PIB** total da comunidade e o **12% do emprego.**
- O Camiño de Santiago consolidouse como un referente internacional das peregrinacións coa **declaración de Patrimonio da Humanidade de dúas novas rutas** e acadando a cifra dos 262.515 peregrinos no 2015.
- Desenvolvéronse **novos produtos turísticos innovadores** que ampliaron a oferta global de Galicia como destino e contribuíron á desestacionalización da demanda.
- Apostouse pola colaboración cos axentes do sector a **creación do Clúster de Turismo de Galicia** que na actualidade converteuse nunha ferramenta indispensable.
- A competitividade é un valor diferencial do turismo galego grazas á aposta pola formación e a calidade.
- Desenvolveuse unha gran labor legislativa co impulso de importantes normativas como a modificación da **Lei de Turismo** ou a posta en marcha de **decretos moi demandados polo sector como os decretos das Festas e Municipios de Interese Turístico ou a regulación da profesión de guía turístico de Galicia .**
- Apostouse por cada un dos destinos turísticos galegos a través da **creación e colaboración cos xeodestinos**, do fomento da accesibilidade e sinalización nos recursos turísticos do medio rural e do **impulso dos Municipios de Interese Turístico.**
- Todo isto, foi posible grazas a creación e desenvolvemento de tres grandes plans que constituíron os eixes estratéxicos da política turística de Galicia: o **Plan Integral de Turismo de Galicia, o Plan Termal e o Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago.**

BALANCE



20

**“Galicia está hoxe
mellor conectada pola
tecnoloxía, por estrada,
por tren e por avión”**

20 GALICIA, MELLOR CONECTADA

MELLOR CONECTADA POLA TECNOLOXÍA

- **A práctica totalidade dos galegos ten acceso a banda larga e máis da metade de Galicia pode facelo mediante vías ultrarrápidas.**

MELLOR CONECTADA POR ESTRADA

- **Os máis de 200 quilómetros de novas vías de altas prestacións permitiron que 8 de cada 10 galegos vivan a menos de 15 minutos dunha vía** destas características.

A rede de transporte metropolitano de Galicia, que beneficia xa a 3 de cada 5 galegos, supón un aforro medio para os usuarios frecuentes de 600 € cada ano.

MELLOR CONECTADA POR TREN

- **Os avances no AVE xa permitiron que se poida chegar desde Galicia a Madrid máis rápido en tren que en coche, e cruzar o Eixo Atlántico entre A Coruña e Vigo en 80 minutos.**

MELLOR CONECTADA POR AVIÓN

- **Ademais de verse melloradas as instalacións dos tres aeroportos de Galicia coa súa remodelación, ampliación ou con novas terminais, é máis fácil chegar a elas grazas á mellora das liñas que conectan as terminais cos cascos urbanos e á posta en marcha do billete combinado.**

BALANCE  GALICIA

21

“Galicia cuida e promove o seu patrimonio lingüístico, cultural e natural”

21 GALICIA COIDA E PROMOVE O SEU PATRIMONIO

PATRIMONIO LINGÜÍSTICO

- **O idioma galego ensínase en 35 universidades de todo o mundo** grazas aos convenios impulsados pola Xunta.
- En Galicia **reforzamos a través dunha lei os lazos sociais e económicos co mundo lusófono** e os máis de 250 millóns de persoas que falan portugués no mundo.
- Aprobado o Plan de **Dinamización da Lingua Galega no tecido económico para fomentar o uso do noso idioma propio no ámbito empresarial.**

PATRIMONIO CULTURAL

- Aprobación definitiva da **nova Lei do Patrimonio Cultural de Galicia** para o reforzo da protección dos bens e mellora e axilización na xestión dos expedientes administrativos.
- Está en marcha o **maior plan de restauración integral** da historia da **Catedral de Santiago de Compostela**, que conta cunha achega extraordinaria do Estado de **17 millóns de euros.**
- En xullo de 2015 obtivemos a **declaración de Patrimonio Mundial da Humanidade dos Camiños do Norte e estamos traballando para lograr este recoñecemento para a Ribeira Sacra e para o Ferrol da Ilustración.**

PATRIMONIO NATURAL

- Puxemos en marcha a primeira **Rede Galega de Parques Naturais**, que compoñen os seis Parques Naturais da nosa Comunidade e o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas.
- Estamos a tramitar unha **nova normativa** para a **protección e benestar dos animais de compañía** os animais de compañía, co fin de dar resposta ás **demandas da cidadanía ante a problemática do abandono e o maltrato animal.**
- Puxemos a disposición dos composteláns o **Bosque de Galicia**, un área verde no monte Gaiás con máis de sete mil árbores de especies autóctonas que multiplica por tres a superficie da Alameda. Xunto co **Parque do Lago, o Xardín Literario, e o Parque da Balea**, é accesible ao público desde este ano 2016.

BALANCE  GALICIA

22

**“GALICIA ten hoxe
unha Administración
máis moderna,
accesible e eficiente”**

22 A

ADMINISTRACIÓN MÁS MODERNA, ACCESIBLE E EFICIENTE

MÁS ACCESIBLE

- **4 de cada 5 trámites da Xunta están dispoñibles por Internet** e este mesmo ano chegaremos á totalidade dos procedementos.
- Galicia é unha das CC.AA. con maior nivel de implantación da **factura electrónica**, e a **licitación electrónica** xa é unha realidade na comunidade.

MÁS MODERNA

- Aposta pola **flexibilidade laboral e o teletraballo para os empregados públicos**, que xa beneficia a máis de 9.000 empregados públicos.
- Galicia conta con **novas sedes xudiciais funcionando ou en construción** nas principais cidades galegas, cun investimento de arredor de 100 millóns de euros.
- Introducimos as novas tecnoloxías na Xustiza co **Plan Senda** e traballamos cara ao **papel cero coa implantación do expediente xudicial electrónico**.

MÁS EFICIENTE

- Galicia ten a **Administración autonómica máis reducida grazas a un Plan que nos permitiu eliminar case un centenar de entes e aforrar 70M€ anuais**.
- **É obrigatorio por lei non gastar nin un só euro dos galegos en estruturas administrativas que non sexa útiles e eficientes** ou **incluír cláusulas sociais nos contratos públicos**.

BALANCE



23

“En GALICIA hai un programa de impulso democrático que permite ir por diante en transparencia e exemplaridade política e participación cidadá”

23 GALICIA, POR DIANTE DE ESPAÑA EN IMPULSO DEMOCRÁTICO

MÁIS TRANSPARENTE

- Cun **portal de transparencia** á cabeza das Comunidades Autónomas, onde se publican, por exemplo, todos os procedementos abertos e a información relativa aos altos cargos, e onde cada día **se colgan todos os contratos menores asinados pola Xunta**.
- Está aprobada unha **Lei que avalía periodicamente a calidade dos servizos públicos**.

MÁIS EXEMPLARIDADE POLÍTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- Nesta lexislatura aprobouse **o programa de impulso democrático máis completo da historia de Galicia** para loitar contra o descrédito dos seus representantes.
 - Coa primeira Lei que **prohibe o financiamento privado dos partidos políticos**.
 - Cunha nova lei para impulsar unha **maior participación cidadá no Parlamento**.
 - Coa nova Lei que **amplía as competencias de prevención e control do Consello de Contas**.
 - **Coa Lei de Transparencia e Bo Goberno**, unha das máis avanzadas de España.
 - E coa primeira **Lei de Ordenación da Asistencia Xurídica**.

O PARLAMENTO MÁIS ACTIVO

- O Parlamento de Galicia é **a Cámara autonómica que máis horas de pleno celebrou en España**.
- Esta é **a 2ª lexislatura que máis leis se teñen aprobado (55)**, pero cun esforzo considerable de **racionalización**, pois vez **primeira vez o número de leis vixentes é inferior ao de hai 4 anos**.
- **8 de cada 10 cuestións** tratadas nos plenos parlamentarias foron **a instancia dos grupos da oposición**.

BALANCE



24

“GALICIA é un referente de cooperación para que Galicia creza de forma coordinada”

24 GALICIA, REFERENTE DE COOPERACIÓN

COOPERACIÓN COS CONCELLOS

- **Hoxe o 40% dos fondos que a Xunta reparte a través de subvencións ás entidades locais van a parar a proxectos compartidos** entre dous ou máis municipios.
- **En Galicia incentívase por lei a fusión de concellos:** xa se materializou a de Oza-Cesuras e está en marcha a de Cerdedo-Cotobade.
- Desbloqueo da definitivo da **Área Metropolitana de Vigo** tras 20 anos de negociacións.

COOPERACIÓN CON SINDICATOS E PATRONAL

- **Desde 2009, Xunta, sindicatos e patronal pactaron un total de 31 acordos** no eido social e económico.
- O esforzo no marco do Diálogo Social permitiu acordos tan relevantes nesta lexislatura como **plans de emprego específicos para os mozos desempregados e os parados de longa duración.**

COOPERACIÓN COAS ENTIDADES SOCIAIS

- A práctica totalidade das decisións adoptadas no ámbito social producíronse tras un **proceso de participación e diálogo coas entidades sociais. Só nesta última lexislatura, a Xunta mantivo con elas máis de 300 xuntanzas.**
- Un dos acordos máis relevantes é a **Axenda Social Única** pactada coa Fegamp e a Rede Galega contra a Pobreza para loitar contra as desigualdades.

BALANCE



25

“GALICIA defende os seus intereses xerais desde a lealdade institucional”

25 GALICIA, EN DEFENSA DOS SEUS INTERESES DESDE A LEALDADE

AUTOGOBERNO BLINDADO

- **Galicia é das poucas CC.AA. que soubo manter blindado o seu autogoberno nos últimos anos** e non tivo que renunciar, nin total nin parcialmente, a ningunha das súas competencias estatutarias.
- Durante estes cinco anos, mantivemos a estabilidade das contas, presentamos a maior solvencia na nosa facenda propia e non tivemos que recorrer a recursos externos habilitados polo Goberno Central para facer fronte ao que, por competencias adquiridas, deberían ter sido capaces de abordar todas as Comunidades. **Dos 74.000M€ que habilitou o Goberno para responder á chamada de auxilio das CC.AA., Galicia pediu cero.** A cambio, as Comunidades perderon parte da súa autonomía. Galicia mantívola en plenitude.
- Grazas a isto, **non tivemos que adoptar decisións ás que si se viron obrigadas outras CC.AA.:** conxelamos as taxas universitarias, en lugar de subilas; non obrigamos aos pensionistas ao adianto do pago de medicamentos como fan outras CC.AA.; ou garantimos cobertura sanitaria aos emigrantes.

PRESENZA NOS DEBATES QUE AFECTAN A GALICIA

- **Activamos o debate demográfico no conxunto nacional.** Galicia lidera o Foro de Rexións Españolas polo Desafío Demográfico xunto con outras 5 CC.AA. que demandan un gran Pacto de Estado neste eido. Xa temos logrado o compromiso do Goberno para crear un Fondo de Cohesión Demográfica que teña en conta as características demográficas de cada rexión.
- **Participación consellos ministros UE.** A nosa participación en consellos de Ministros, en especial no referido á pesca supuxo ter unha voz en Europa para que o Goberno de España defendese os intereses dos pescadores españois cun coñecemento detallado das circunstancias de cada Comunidade Autónoma.

25 GALICIA, EN DEFENSA DOS SEUS INTERESES DESDE A LEALDADE

- **Tax lease.** A colaboración da Xunta desde o primeiro momento, achegando ideas para a solución, en colaboración con outros gobernos autonómicos (Asturias, País Vasco), os estaleiros e os sindicatos, permitiu que resolver un problema que podería ter significado o fin do sector naval galego. Hoxe ese sector volve ter contratos e comeza a recuperar posicións no mercado internacional.

DEFENSA FRONTE AOS AGRAVIOS

- **AVE.** Desde 2009 nos mantivemos firmes na demanda da finalización do Eixo Atlántico e a conexión de Galicia coa meseta. Incumpridos reiteradamente os prazos marcados por gobernos, a presión continua desde Galicia permitiu que xa estea en servizo o Eixo Atlántico, a liña A Coruña-Santiago-Ourense e se pechase un calendario concreto co horizonte do 2018 para a finalización completa da conexión con Madrid.
- **Planta xudicial.** Ante a posibilidade de que a reforma da planta xudicial situase os xulgados de instancia exclusivamente nas capitais de provincia, fixemos un traballo de presión e convencemento. Finalmente conseguiuase que se recoñecera a excepcionalidade de Vigo para poder seguir contando con xulgados de instancia.
- **Liquidacións negativas.** A mala xestión orzamentaria de gobernos anteriores, tanto en Galicia como no goberno central supuxeron que Galicia tivera que devolver ao Estado 2.200 M€ derivados de liquidacións negativas. A xestión da Xunta, sendo rigorosa no cumprimento dos obxectivos orzamentarios permitiu, inicialmente, ampliar o prazo de devolución deses fondos de cinco a dez anos e, posteriormente, a súa condonación, e unha maior capacidade financeira da Comunidade Autónoma.